

Ante a contestación do PP de Redondela ás nosas protestas, na que afirma:

O goberno local de Redondela asegura que as comisións informativas "sempre son convocadas en tempo e forma", polo que en ningún caso incumpren o procedemento marcado pola Lei de Administracións Locais.

AER ten que lembrar que **nunca dixemos que convocaran as comisións informativas de xeito ilegal**, dixemos que "sufrimos un continuo desprezo no xeito de levar os asuntos aos plenos" e **criticamos o pouco tempo** que nos dan para consultar expedientes, debater e tomar decisións (na maioría das veces, 24 horas para as comisións e menos de 4 días para os plenos).

Tiremos de hemeroteca para lembrar o que dicía o PP cando estaba na oposición hai só tres anos:

*SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
24 - MARZO - 2010*

ROGOS E PREGUNTAS

*Os membros da corporación, acordaron a principio de mandato, que as sesións das comisións informativas se celebrarían o martes da semana anterior á celebración do pleno. Tal acordo tiña por finalidade **posibilitar a asistencia de todos os concelleiros ás comisións informativas, podendo deste xeito planificar debidamente as súas obrigas** profesionais e persoais, compatibilizándoas co desempeño da súa función política.*

*Non obstante, tales acordos non foron respectados. O actual bigoberno municipal, deu sobradas mostras da súa vontade de **entorpecer as funcións da oposición**, adoptando medidas como a limitación de rogos e preguntas en sesións plenarias, ou a negativa a modificar o regulamento de participación cidadán de xeito que permita unha participación efectiva e real dos veciños nos asuntos municipais, ou a convocatoria de Plenos de xeito intempestivo, chegando nalgún caso a notificalos con horas de antelación, ou a intolerable parcialidade na dirección dos plenos.*

*Hoxe traemos aquí unha nova mostra da intención do bigoberno de **dificultar de xeito permanente e consciente o desempeño das labours da oposición**. Solicitamos aos servizos municipais que se nos facilitasen as datas de celebración de todas as comisións informativas celebradas neste mandato. Comprobado cantas delas foron celebradas na data acordada en sesión plenaria o resultado só pode ser cualificado de asombroso. Dende a data de constitución da actual corporación se celebraron 90 comisións informativas. Na data acordada só se celebraron 3 sesións, resultando que o Goberno incumpriu o acordo tomado en 87 ocasións.*

O Grupo Municipal do Partido Popular considera que todo o anteriormente exposto supón unha **intolerable falta de respecto á oposición**, e aos cidadáns que esta representa, e por isto formulamos a seguinte PREGUNTA:

¿Ten o Goberno Municipal algunha explicación coherente das razóns que xustifiquen este comportamento?

*O concelleiro señor González Iglesias respóndelle que considera que vai por mal camiño con estas preguntas e dille que eses prazos refírense ás **comisións ordinarias, non ás extraordinarias**.*

O goberno local leva moito tempo funcionando a golpe de comisións informativas extraordinarias para poder xustificar legalmente os prazos, cando deberían ser comisións ordinarias, xa que son asuntos que saben hai tempo que van levar ao pleno. **Está pasando exactamente o mesmo do que se queixaban cando eran oposición**. Que cambiou?

Máis afirmacións recollidas nos medios estes días:

Os responsables municipais destacan ademais a súa vontade de convocar sempre as comisións "nun horario que non interrompa o horario laboral dos concelleiros" para facilitar a súa asistencia e, no caso concreto do edil de AER, Jorge Varela, "chámasele sempre por teléfono para ver o seu dispoñibilidade porque entendemos que ao ser un só concelleiro pódelle resultar máis difícil", afirman.

Despois de case 2 anos que AER leva nesta corporación, o goberno local sabe ou debería saber perfectamente os horarios do noso representante. É certo que chaman para dicirle que "tal día a tal hora temos comisión", pero raramente tentan poñerse dacordo con el para que poida asistir en condicións.

E xa que **falan e presumen de "legalidade"**, tiremos outra vez de hemeroteca para recordarlle outra queixa que tiñan dende o PP cando gobernaban o PSOE máis o BNG:

*SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
28 - OUTUBRO - 2009*

ROGOS E PREGUNTAS.

Nas últimas semanas, este Grupo Municipal solicitou reiteradamente a redacción e entrega de diferentes informes técnicos. Ditas solicitudes se realizaron ao amparo do artigo 15 do regulamento municipal, onde se establece un prazo de dez días para a efectiva realización dos mesmos. Este prazo resultou amplamente superado nos tres informes pendentes que se atopan pendentes de redacción, e nos que se solicitan aclaracións ante as dúbidas suscitadas por unha modificación de proposta e ditame do punto dous relativo ao recoñecemento extraxudicial 1/09, da sesión plenaria do 29 de setembro do presente ano, a falla de apertura de expediente sancionador á concesionaria do abastecemento de auga e saneamento por incumprimento das súas obrigas, e a posible desviación de fondos municipais para actos de carácter político e partidista.

Os informes solicitados resultan necesarios para exercer a función de control do goberno que nos foi asignada, e non é síntoma de boa saúde democrática que se neguen á oposición, as ferramentas necesarias para exercer as súas funcións. Xa tivemos mostras da falla de dilixencia do actual goberno á hora de entregar calquera documentación que considere negativa para os seus intereses, e ante o noso lóxico temor a que se repita a mesma forma de actuar, vimos a formular a seguinte pregunta:

¿Cál é o motivo polo que non se facilita á oposición os informes solicitados?

O Sr. Alcalde di que de acordo co artigo 15 do Regulamento Orgánico e outra normativa de aplicación non procede que, a petición dos concelleiros, se fagan informes polos técnicos municipais cando son asuntos xa resoltos, ou que non estean pendentes de ser resoltos polo pleno ou comisións informativas. Señala que fora deses supostos non existe a obriga de emisión destes informes.

Dito artigo do Regulamento Orgánico non mudou, os que mudaron foron goberno e oposición, pero **a cousa segue funcionando igual**. Cando se estivo tratando o problema do Servizo de Emerxencias en numerosos plenos, solicitamos un informe dos técnicos onde constara “a quen correspondía a responsabilidade ou competencias para determinar que unha situación era de carácter excepcional ou que cumpría cubrir necesidades urxentes e inaprazables, para permitir ao Concello a contratación de persoal para o Servizo de Emerxencias”. Máis recentemente, antes de que PP, PSOE e BNG decidiran a privatización da xestión da piscina de Chapela, pedimos un informe sobre unha “posible xestión da piscina mediante a creación dunha fundación ou cooperativa con participación do Concello”. Nunca dispuxemos deses informes, polo tanto, **non se está cumprindo co regulamento municipal**.

Despois das críticas de AER e coa intención de corrixir esta deficiente forma de traballar, o alcalde convocou unha xunta de voceiros este mércores 10 de abril, na que tamén estiveron os presidentes das diferentes comisións informativas, e onde **se acordou que as comisións informativas faranse na semana anterior aos plenos e que dispoñeremos da información pertinente 48 horas antes** destas comisións.

Temos que felicitar ao goberno local por esta iniciativa. Pero teñen que entender que desconfiemos, vendo os antecedentes de promesas valeiras que non cumpriron.

Redondela, a 11 de abril de 2013.